

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE SOUTOMAIOR

CURSO: 2º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA

DATA: 12 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2.Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes dos textos orais dos ámbitos social e académico	LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía
B1.3.Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas	LGB1.3.1.Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral...
B1.6.Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección	LGB1.6.1.Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
B1.7.Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas	LGB1.7.2.Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.
B2.1.Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión	LGB2.1.1.Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. LGB2.1.2. Busca o significado o léxico descoñecido a partir do contexto, analaia a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.
B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias	LGB2.4.1.Comprende e interpreta textos propios da vida académica, especialmente os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
B2.8.Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e académico
B2.12.Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narración e descrições	LGB2.12.1. Produce en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos
B3.5.plicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical ortográfica dos textos.
B3.9.Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados,	LGB3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e

orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto	correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.
B4.5. Identificar os preuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un preuízo. Detecta e analiza a presenza de preuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe	LGB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á súa idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. LGB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.
B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos	LGB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos
B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais	LGB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Observación.</li><li>• Participación na aula: preguntas, comentarios, colaboración.</li><li>• Autoavaliación: autocorrección e autonomía.</li><li>• Comprensión de contidos.</li><li>• Expresión escrita de ideas, sentimentos, argumentos e teoría.</li><li>• Expresión oral de ideas, sentimentos, argumentos e teorías.</li><li>• Elaboración de resumos orais e escritos.</li><li>• Lectura comprensiva.</li><li>• Manexo de dicionarios e outras ferramentas lingüísticas en liña.</li><li>• Exposicións orais entregadas en formato audio ou audiovisual.</li><li>• Seguimento e cumprimento das instrucións dadas para completar e entregar as tarefas realizadas a distancia.</li><li>• escoita activa e intervención nas sesións virtuais.</li><li>• Cumprimento das pautas de intervención e participación nos coloquios mantidos nas sesións virtuais.</li><li>• Participación nas propostas de expresión creativa de carácter voluntario.</li></ul> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Caderno do alumnado: tarefas, deberes, apuntamentos, etc.</li><li>• Traballos específicos.</li><li>• Lecturas e traballos de comentario.</li><li>• Probas escritas e orais sobre os contidos impartidos.</li><li>• Actitude e desenvolvemento na aula.</li><li>• Rexistro de entrega de tarefas e traballos, participación en sesións non presenciais e comunicación no período do traballo a distancia.</li><li>• Probas de lectura: comprensión e expresión.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Nos criterios de cualificación final estableceranse estas dúas posibilidades para facer a media:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Alumnado con traballo moi baixo ou sen traballo nesta 3ª avaliación, aplicarase este criterio:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Nota media da 1ª e 2ª avaliación (50% e 50%)</li></ul></li><li>• Alumnado que traballou ben na 3ª avaliación, aplicarase este criterio:<ul style="list-style-type: none"><li>○ 45% a 1ª avaliación + 40% a 2ª avaliación + ata 1,50 segundo o traballo realizado.</li></ul></li></ul> <p>Aplicarase o criterio que máis favoreza o alumnado (puntuación sobre 10).</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Os alumnos con <b>avaliacións suspensas poderán recuperalas mediante as tarefas de reforzo e recuperación realizadas na terceira avaliación.</b></li><li>• Haberá tarefas voluntarias de lectura e expresión oral que servirán para redondear a nota.</li></ul>

<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de exercicios de repaso dos contidos dados na 1ª e 2ª avaliación: 50% da nota final.</li> <li>• Proba escrita sobre os contidos do caderno: 50% da nota final.</li> </ul>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p><b>Criterios de avaliación:</b> Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para a recuperación das materias pendentes son os recollidos na Programación Didáctica do Curso 2019-2020 no que atinxe á 1ª e a 2ª avaliacións.</p> <p>No caso do alumnado que non recupere a materia segundo o programa alí establecido, e que, polo tanto, tal e como se describe máis baixo, deba entregar un Caderno de traballo en maio ou presentarse á Convocatoria Extraordinaria de setembro, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe son os previstos nesta revisión da programación didáctica para cada materia e curso.</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrega dos boletíns de recuperación correspondentes á 1ª e á 2ª avaliación con cadanseu valor na nota final do 50%.</li> <li>• De non seguir este programa de recuperación ou non obter o aprobado (5) na nota media dos boletíns entregados, no mes de maio o alumnado deberá entregar un caderno de traballo que incluíra os estándares e competencias imprescindibles dos dous primeiros trimestres da materia pendente. Terá un peso dun 100% na nota final.</li> <li>• No caso de que o alumnado non recupere a materia pendente por algunha das dúas vías descritas, na Convocatoria Extraordinaria de setembro será avaliado do mesmo modo que as materias suspensas: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Caderno de exercicios de recuperación dos contidos dados na 1ª e 2ª avaliación: 50% da nota final.</li> <li>○ Proba escrita sobre os contidos do caderno: 50% da nota final.</li> </ul> </li> </ul> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Boletíns de recuperación do alumnado correspondentes á 1ª e á 2ª avaliación.</li> <li>• Caderno de traballo do alumnado correspondente ás 2 primeiras avaliacións (maio).</li> <li>• Caderno de exercicios de recuperación (setembro).</li> <li>• Proba escrita sobre os contidos do caderno (setembro).</li> </ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>As actividades de recuperación, repaso e ampliación responden á seguinte tipoloxía:</p> <p><b>TAREFAS SEMANAIS:</b> conteñen actividades variadas, dos distintos bloques de contido, que serven como repaso e reforzo dos contidos dados e tamén como vía de recuperación para aquela parte do alumnado que teñan algunha avaliación suspensa:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora.</li> <li>● Expresión escrita.</li> <li>● Actividades de léxico: procedencia do léxico, seres mitolóxicos, sentimentos e estados de ánimo</li> <li>● Tipoloxía textual: narración, descrición, exposición</li> <li>● Xéneros literarios e as súas características.</li> <li>● Exercicios de ortografía: acentuación (regras xerais e casos especiais) porque/ por que/ porqué; se non/senón</li> <li>● Exercicios de morfoloxía e sintaxe básicos: identificación de clases de palabras, suxeito e predicado (cos seus respectivos núcleos)</li> </ul> <p><b>ACTIVIDADES VOLUNTARIAS (COMPLEMENTARIAS/DE AMPLIACIÓN):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>LECTURA</b> de <i>Diario dunha Noiteboa</i>, de Jacobo González Outes.</li> <li>● <b>ORALIDADE:</b> 2 opcións: “Recomendación dun libro” ou “Exposición Non son fadas” (aproveitando material recompilado para un traballo da 2ª avaliación, arredor das heroínas anónimas do noso alumnado)</li> </ul>	
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>Alumnos con conectividade: fichas de traballo semanal de repaso, reforzo e recuperación</b> que partindo de textos engloban as distintas destrezas da comunicación lingüística e axudan á adquisición das competencias básicas. <b>Son enviadas e recibidas por correo electrónico.</b> Por correo dáselles as recomendacións e orientacións necesarias para desenvolver as tarefas e resólvense as dúbidas ou suxestións do alumnado. Tamén se indican as tarefas a realizar na <b>páxina web do centro, no Departamento de Lingua Galega.</b> Ademais, realízanse <b>videoconferencias con regularidade</b> para <b>resolución de dúbidas, corrección</b> (posta en común) das tarefas e sobre todo, para manter un contacto directo e fluído co alumnado, na medida do posible.</li> <li>● <b>Alumnos sen conectividade e/ou NEE.</b> Facilitóuselle un <b>caderniño de tarefas en papel como traballo mensual que será supervisado pola PT do centro.</b></li> </ul>	
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Fichas de elaboración propia a partir de modelos de exercicios e de lecturas do propio libro de texto e tamén de manuais doutras editoriais.</li> <li>● Pdf do libro ofrecido como lectura voluntaria: cedido para descarga gratuíta polo autor a través da páxina da editorial (Baía).</li> </ul>	
<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 6 DE 8</p>	<p>CENTRO: CURSO: MATERIA:</p>

- |  |  |
|--|--|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>● Solucionarios de Autoavaliación das Tarefas semanais propostas para o alumnado.</li><li>● O libro de texto: Lingua e Literatura 2ºESO Santillana-Obradoiro (2016).</li></ul> |
|--|--|



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Correo electrónico ao alumnado e nais e pais: envío e recepción de tarefas, resolución de dúbidas e consultas de tipo xeral (método de entrega, pautas para o traballo TIC, etc.</li> <li>• Publicación das tarefas na páxina web do IES (apartado do Departamento de Lingua Galega).</li> <li>• Informe quincenal ás Titorías sobre a comunicación co alumnado e o sobre seu traballo.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	A revisión da Programación Didáctica será publicada na páxina web do IES (apartado do Departamento de Lingua Galega).